

Benqueridas familias:

Comunicámonos con vós para informar dos últimos cambios nos protocolos da xestión da COVID en centros educativos, polo que vos presentamos a continuación este resumo que axudará a entender a situación:

XESTIÓN DE CASOS POSITIVOS	CONTACTOS ESTREITOS
<p>Caso positivo é calquera persoa con diagnóstico positivo en covid. (PCR, Test antígenos o autotest (Os autotests, non requirirán ningunha proba complementaria para confirmar o caso)</p>	<p>Contacto estreito é calquer persoa que pasou máis de 15 minutos sen máscara e a menos de dous metros dun caso positivo nas 48 horas anteriores ao inicio da enfermidade (inicio de síntomas ou toma de mostra para proba diagnóstica)</p>
<p>Pauta de actuación: Deberá permanecer 7 días en illamento e 3 máis en vixiancia activa (extremando precaucións, reducindo as interacción sociais e evitando o contacto con persoas vulnerables) Avisarán ao teléfono 881540045 ou cubrirán un formulario na dirección https://coronavirus.sergas.gal/contidos/Que-facer-contacto-covid Avisar ao centro.</p>	<p>Pauta de actuación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - <u>Alumnado de Ed Inf e Primaria:</u> Non terán que gardar corentena independentemente de si están ou non vacinados. Poderánse valorar medidas excepcionais no caso de que se confirmen 5 ou máis casos de infección activa na mesma contorna específica durante unha mesma semana. Neste caso o centro seguirá as instrucións que lle dicten as autoridades sanitarias. <p>*Se estes alumnos son contacto estreito dun caso positivo na súa unidade familiar, sí que terán que gardar corentena.</p>
<p>Seguimento: Non haberá seguimento telefónico por parte das autoridades sanitarias.</p>	<p>Seguimento: Non haberá seguimento telefónico por parte das autoridades sanitarias. No caso de considerarse necesaria a realización dunha PCR, Sanidade remitirá a cita directamente ao móbil a través dun SMS. Recoméndase manter unha vixiancia activa sobre a aparición de posibles síntomas nos días posteriores ao contacto.</p>
<p>Reincorporación: Pasado este tempo, e se non presentara síntomas nos últimos 3 días poderá reincorporarse ao centro no oitavo día, aínda que se recomenda manter tres días máis de vixiancia activa.</p> <p>NON SE REQUERIRÁ PROBA ALGUNHA PARA A REINCORPORACIÓN</p>	<p>Reincorporación: Inmediata ,salvo casos de alumnado inmunodeprimido.</p>

O equipo Covid do colexio informará dos casos positivos que se vaian producindo, para que durante os 10 días posteriores á última exposición, extremedes ás precaucións e as medidas de prevención. Asimesmo pregámosvos encarecidamente que prestedes moita atención a calquera síntoma covid que poida aparecer. E ,en caso de dúbida, mellor que non asistan ese día ao colexio.

Recordámosvos que para calquera dúbida que xurda estamos sempre á vosa disposición no correo equipocovidpontepasaxe@gmail.com ou no teléfono do centro contactando co equipo COVID.

EQUIPO COVID

Culleredo, 14 de Xaneiro de 2.022